



XOVES
I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e a Axencia Galega de Innovación (GAIN) veñen de convocar os **Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia 2017**.

Estes galardóns chegan á súa **terceira edición** coa vontade de recoñecer o traballo do persoal investigador e do empresariado que apostan pola transferencia de coñecemento como base para o desenvolvemento económico de Galicia.

Os premios convócanse en **tres modalidades**:

- **Mellor traballo de investigación aplicada.** Dirixido a **grupos científicos** que desenvolvan **investigación aplicada** e que estean adscritos a centros tecnolóxicos ou de investigación ubicados en Galicia. Dotado con **6.000 euros netos**, aos que se suma unha axuda de **4.000 euros para a formación dun membro do equipo gañador**, durante unha estancia de entre dous e tres meses nun centro de investigación de fóra de Galicia.
- **Mellor caso de éxito en pemes.** Dirixida ás **pemes galegas** (incluíndo as micropemes) que acrediten innovacións procedentes da adquisición dunha patente, dun proxecto conxunto con un ou varios grupos de investigación ou outro mecanismo calquera de transferencia. Neste caso, a dotación do galardón ascende a **12.000 euros netos**.
- **Mellor caso de éxito en grandes empresas.** O premio toma como referencia os mesmos **méritos que se valoran nas pemes**, coa diferenza de que o premio para a empresa ten carácter honorífico e o grupo de investigación percibirá **6.000 euros netos** en concepto de apoio ao seu traballo no eido da transferencia de coñecemento.

O detalle das bases e da documentación a entregar pode consultarse na **web da RAGC** e da **GAIN**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

